



UNIDADE DIDÁCTICA

FEIRANTES

ARREDOR DE CUNQUEIRO

Para más información: correo@teatrodonoroeste.com

www.teatrodonoroeste.com

A COMPAÑÍA

Teatro do Noroeste, é unha compañía teatral de longa traxectoria que ten realizado representacións dos seus espectáculos por toda Galicia, con frecuentes saídas polo resto de España, que estrea e representa todos os seus espectáculos en lingua galega por toda Galicia.

Teatro do Noroeste, é unha compañía que, na súa dilatada traxectoria ten producido e distribuído unha grande cantidade de espectáculos. Entre estes espectáculos pódense salientar desde textos clásicos como: *Rei Lear*, *Macbeth* ou *Noite de Reis*, de William Shakespeare, ou *As vodas de Fígaro*, de Caron de Beaumarchais, até textos máis contemporáneos como *Os Xustos*, de Albert Camus, ou de autores galegos vivos como *Historias Peregrinas*, ou *A grande noite de Fiz*, de Miguel Anxo Murado, *Unha rosa é unha rosa*, de Suso de Toro ou *Campo Sur* ou *A Mamma* de Lino Braxe, entre moitos outros, potenciando así a dramaturxia galega contemporánea.

Teatro do Noroeste, realizou e distribuíu varias obras para público infantil como foi *O País acuático*, de Eduardo Alonso, texto que obtivo a mención especial no concurso de teatro infantil “premio Estornela” da fundación Xosé Neira Vilas na súa edición do ano 2000, publicado na colección “Teatro para Nenos” de Edicións do Castro en 2001. No ano 2011 se representa o texto de Eduardo Alonso *Piratas* para teatro infantil. Texto que foi publicado no nº 68/2011 da Revista Galega de Teatro, na que o estudioso Manuel F. Vieites di: “*Textos como este de Eduardo Alonso son necesarios como o son os espectáculos aos que dan lugar, pois inciden nesa liña de traballo tan necesaria pero tan abandonada neste país, onde o teatro para a infancia semella ser unha manifestación de segunda orde*”.

Teatro do Noroeste elaborou un importante número de unidades didácticas para os seus espectáculos, algunhas relacionadas cun só espectáculo e outras para unha serie de eles. A esta liña de traballo realizado durante anos, a compañía definiuna co título xenérico de: **O teatro como feito educativo**. Así, podemos salientar as unidades didácticas para os espectáculos sobre textos de William Shakespeare, *Rei Lear* e *Macbeth* e a unidade didáctica xenérica **Comedias**, para os espectáculos *Noite de reis*, *As vodas de Fígaro* e *Historias peregrinas*, como tamén as unidades didácticas para os textos de Miguel Anxo Murado e Suso de Toro, *A grande noite de Fiz* e *Unha rosa é unha rosa*, respectivamente. E sobre todo o plan didáctico realizado no 1993 que, patrocinado polo Concello de Santiago de Compostela, fixo que moitos adolescentes asistiran ás representacións de *Galileo Galilei* de Bertolt Brecht cunha unidade didáctica con título de **E sen embargo, móvese**. O último espectáculo infantil estreado por Teatro do Noroeste é *Animais de Compañía*, unha comedia musical que trata sobre o respecto ás diferenzas, de raza, de xénero, de cultura. Este espectáculo tamén ten a súa unidade didáctica propia e segue en xira por Galicia desde a súa estrea en 2017.

A OBRA

Teatro do Noroeste presenta **FEIRANTES** baixo a dirección e a adaptación de textos de Álvaro Cunqueiro realizada por Eduardo Alonso, un monólogo interpretado por **Imma Antón** con música orixinal de **Chefa Alonso**.

Aínda que podemos consideralo un espectáculo apto para todos os públicos, recomendamos unha idade mínima de dez anos, tanto para poder disfrutar da experiencia escénica como para desenvolver as propostas contidas nesta unidade didáctica.

A experiencia que **Teatro do Noroeste** propón é a asistencia a unha función do espectáculo **FEIRANTES** na que, ao remate, se poderá desenvolver un coloquio coa actriz protagonista. Previa ou posteriormente o grupo asistente poderá traballar coas propostas contidas nesta unidade didáctica, diferenciadas por tramos de idade.

Esta experiencia poderá desenvolverse no contexto das aulas mais tamén en talleres organizados por bibliotecas, asociacións ou diferentes dinamizadores culturais.

A proposta de **FEIRANTES**, ao tratarse dun monólogo, xira necesariamente arredor dunha personaxe que é quen nos transmite as súas experiencias e as das demais personaxes. A protagonista é unha vaca que agarda a súa quenda para cumprir o seu destino.

No texto de *“Os outros feirantes”*, o autor realiza as semblanzas de diferentes, tenras e máxicas personaxes, contadas en primeira persoa. Estas personaxes son coñecidas do autor que, como tales son descritas. Algunhas delas coñéceas do seu deambular por feiras e mercados, maiormente da contorna de Mondoñedo. Ao transformar estas narracións en espectáculo teatral, había que, primeiramente, configurar unha personaxe que asumira ese rol de narrador, pero que, ao tempo, tivese entidade dramática máis aló do simple narrador. Así matina- mos que a personaxe principal tiña que ser unha vaca, animal familiar e totémico na cultura galega, que ao ires de feira en feira sendo vendida e comprada e pasando de dono en dono, vai coñecendo a todas esas personaxes do que nos fai a súa máxica semblanza. Ben é verdade que unha personaxe que se inclúe nun texto teatral debe ter, para non ser estritamente só un narrador, tamén a súa historia, e a nosa vaca protagonista tamén a ten.

Un espectáculo homenaxe á vaca e ás estrañas e curiosas personaxes que aínda habitan moitos pobos de Galicia e tamén, porque non dicilo, un espectáculo homenaxe a Álvaro Cunqueiro.

Partindo dos relatos que contén *Os Outros Feirantes* de Cunqueiro, Eduardo Alonso escribe **FEIRANTES**.

Aplicanse, pois, convencións moi ao xeito cunqueirán ou do realismo máxico. Porque non é



unha vaca per se quen nos conducirá por esa feira de historias: trátase dunha actriz. Neste caso, **Imma António**, coa que poderemos conversar unha vez rematada a función.

Imma António, ademais de actriz e dramaturga, tamén participou na elaboración desta unidade didáctica, polo que o diálogo que poderemos establecer posibilitará atinxir moito máis que o momento da función e o encontro entre as persoas/creadoras e as persoas/público.

En **FEIRANTES** aparecen personaxes de todo tipo e condición: mulleres, homes, animais... mesmo culleres ou paraugas antropomorfizados por obra e graza da unión do enxeño creativo de Cunqueiro e Alonso.

Escribe Cunqueiro abrindo Os Outros Feirantes: *“Este fato de retratos son continuación doutros que din fai uns anos no me libro Xente de aquí e de acolá. Decíalle entón, nunha carta ao doutor García-Sabell que abría o tomo, se podía ser que aquela xentiña fose a un tempo inventada por min, ou tirada da realidade, ou delambas cousas a un tempo. Eu retrataba ao minuto nunha feira, na feira galega, a esta xentiña de nós. Fíxenme tan amigo deles, que me doía deixalos nun caixón da miña mesa. Algún, cando eu o estaba inventando -ou retratado, ou enxendrando, ou parindo-, tenme feito muita compañía. E a verdade é que cando van saír do meu faiado para un libro, a miña casa aparéceme como baleira. Como si toda a miña familia máis querida se tivese disolto no áer nun accidente imprevisto.”* Tal é a intimidade que a persoa creadora pode chegar a compartir coas súas creacións!

ACTIVIDADES NOS CENTROS EDUCATIVOS



ACTIVIDADES PARA O TRAMO DE IDADE DE 10 A 12 ANOS

PREVIAS

- Redacción: Imaxina a vida dunha vaca da casa ou unha de granxa.
- Busca as diferentes razas de vacas galegas e ilústraas cunha fotografía ou debuxo.

POSTERIORES

- Que raza de vaca galega é a que aparece retratada en **FEIRANTES**? Cal terías elixido ti e por qué? Fai unha breve redacción.
- Tes familia no rural? Visítala con frecuencia? Tes relación cos animais de granxa?
- Escoller unha persoa do noso entorno inmediato e convertela en personaxe animal.
- Se foses un animal cal che gustaría ser. Debúxao.



ACTIVIDADES PARA O TRAMO DE IDADE DE 13 ANOS EN ADIANTE

PREVIAS

- Lectura e análise de dous relatos de “Os Outros feirantes”: “Anxeliña do Prado” e “Tristán García”.
- Realismo máxico: características fundamentais. Redacción libre que cumpra esas características.

POSTERIORES

- Cal é o rol que os animais xogan na nosa sociedade actual comparado co mundo que aparece retratado en **FEIRANTES**?
- Escolle unha persoa do noso entorno inmediato e convérteala en personaxe animal, fai unha redacción.
- Propoñemos que comenten os distintos aspectos da obra: interpretación, adaptación, música, vestiario....
- Compara as diferenzas entre os relatos lidos previamente (“Anxeliña do Prado” e “Tristán García”) e como aparecen na adaptación en **FEIRANTES**.

Sempre é recomendable a lectura doutros textos de Cunqueiro, por exemplo, propoñemos “Merlín e familia”.



ANEXO

O AUTOR: **ALVARO CUNQUEIRO**

Álvaro Cunqueiro Mora naceu en Mondoñedo o 22 de Decembro do ano 1911. O seu pai tiña unha botica en que con frecuencia se formaba unha tertulia onde se contaban historias de cazadores, menciñeiros... Destas conversas e dos contos que lle narraban familiares seus parece ser que tomou Cunqueiro un especial gusto por escoitar e contar historias de tradición popular, que completou con moitísimas lecturas de mitos de literaturas moi diversas. Entre a galería de peculiares personaxes da cidade e as sotanas dos vellos cregos da cidade luguesa, Cunqueiro comenaría a súa vocación literaria. Nos anos trinta estudou en Santiago de Compostela Filosofía e letras e colaborou coas actividades do Grupo Nós e do seminario de Estudos Galegos. Ó comezo da guerra provocoulle a interrupción da carreira, ademais, esta non semellou interesarlle moito, porque pronto se mudaría ós cuarteis do xornalismo, primeiro en Madrid e, a partir de 1974, en Galicia. Comezou como colaborador dun dos principais xornais galegos da época, *El pueblo Gallego*, para pasar logo a *ABC*, do que sería subdirector, *La Noche e Faro de Vigo*, do que sería director. Morreu en Vigo no ano 1981.

Os seus inicios na literatura viñeron dados pola poesía. Antes da Guerra Civil, o creador de Mondoñedo xa tiña publicados tres libros de poemas en galego, obras intensas como *Mar ao Norde* (Santiago, 1932), *Poemas do sí e do non* (Lugo, 1933) e *Cantiga nova que se chama ribeira* (Santiago, 1933), inspirado este último no estilo, nas formas e nos temas dos trobadores da Galicia medieval, dentro dun estilo que se chamou neotrobadorismo. Cunqueiro comeza a empregar o castelán xunto co galego como vehículo de literatura. Co castelán como arma gaña o premio Nadal en 1968 con *Un hombre que se parecía a Orestes*, unha das súas obras máis coñecidas a nivel español, ou *Viajes y fugas de Fanto Fantíni della Gherardesca*.

Como pode observarse, antes da Guerra Cunqueiro escribiu só poesía e só en galego. Despois da Guerra o xénero máis cultivado foi a narrativa, usando tamén o español. Sen embargo, el considerábase, antes que nada, escritor galego: “*Eu vinme obrigado a facer periodismo e a escribir libros de narración en castelán (...) Eu non creo no bilingüismo. Sempre hai unha lingua de fondo e a miña é a galega*”. Iniciouse na narrativa no noso idioma con *Merlín e familia* (Vigo, 1955) á que seguirán *As crónicas do Sochantre* (Vigo, 1956) ou a exótica *Se o vello Simbad volveuse ás illas* (Vigo, 1961). Moitas das súas obras en galego proveñen do seu contacto con personaxes populares nos que se plasma a tradición oral galega, iso sí, tamizada polo peculiar estilo narrativo do autor e pola súa prodixiosa imaxinación. A narrativa galega de Cunqueiro podemos dividila en dous grupos: a) As novelas: *Merlín e familia*, *Crónicas do Sochantre* e *Se o vello Simbad volveuse ás illas*. Son obras en que existe un débil fío argumental arredor do cal se van inserindo unha serie de historias fantásticas. Non son novelas en que exista un argumento que sexa o centro de toda anarración. Nestas obras, o interese está máis



nas historias que contan os personaxes que crea (ou recrea, ou parodia) o propio Cunqueiro. b) Os libros de relatos: *Escola de menciñeiros*, *Xente de aquí e de acolá* e *Os outros feirantes*. Son retratos ou semblanzas de personaxes, maioritariamente, que Cunqueiro nos presenta, cunha deliberada confusión, como froito da súa imaxinación ou tomados da realidade. Son personaxes apegados á realidade, inseparables do seu marco espacial e temporal (a Galicia rural de mediados de século). Sen embargo, a capacidade de ensoñación, tanto do narrador como das personaxes creadas, transpórtanos simultaneamente a un mundo de misterio e de ensoñación, cheo de historias fantásticas en que podemos encontrarnos mesmo con animais que falan ou cunha muller que pon ovos. O narrador sitúase ao mesmo nivel que as súas personaxes e chega a pór en cuestión a súa propia existencia. Cunqueiro pretende inserir estes relatos como unha continuación da tradición oral que el coñecía tan ben. As personaxes son todas galegas e só abandonan o país cando marchan á emigración ou ao servizo militar. De ambos lugares traen un grande tesouro: historias que logo contan aos seus veciños.

Na produción dramática de Cunqueiro podemos destacar dúas obras: - *O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca*. Foi escrita por Cunqueiro seguindo a tendencia europea do teatro de mitos (recrear mitos históricos que encarnaban algunha idea abstracta, facendo que a interpretación deses mitos se adaptase á sociedade actual). Cunqueiro toma o mito de Hamlet (príncipe histórico-lendario da Dinamarca do século I, que sería inmortalizado por Shakespeare) e fai del unha reinterpretación influido por Freud. Cunqueiro mestura o mito nórdico de Hamlet co clásico de Edipo e introduce substanciais variacións: Hamlet non é fillo do seu pai lexítimo, senón do seu tío, o asasino e usurpador do trono. As personaxes están postas en situacións límite, sometidas a profundas dúbidas entre sentimentos enfrontados: o amor, a ambición, a vinganza... - *A noite vai como un río* preséntanos un teatro claramente poético, lírico. O tema é o amor platónico duna dama en tempo de guerra, en espera dun amante inexistente non sendo na súa imaxinación.

